


MULLERES
CON CIENCIA



VICTORIA LAREU

PREMIO
MARÍA WONENBURGER
2021

BIOGRAFÍA

MULLERES CON CIENCIA

María Victoria Lareu Huidobro nace en 1960 en Santiago de Compostela. É doutora forense, investigadora, profesora universitaria, catedrática en medicina legal e directora do Instituto de Ciencias Forenses da Universidade de Santiago de Compostela, punteiro a nivel mundial. No estranxeiro, María Victoria adquire experiencia traballando no Instituto de Medicina Legal de Coimbra, no London Hospital College e no Forensic Science Service en Birmingham.

Entre os seus traballos de investigación destacan os relacionados coa identificación de restos humanos: dende os realizados nos xacementos arqueolóxicos de Atapuerca, ao das vítimas da guerra civil ou dos atentados do 11 de setembro de 2001. Actualmente traballa, xunto ao seu equipo, na identificación das características físicas de persoas a partir da saliva ou dalgún resto biolóxico.

María Victoria é autora de máis de 200 artigos e colaboracións científicas, foi directora de 21 teses e formou parte de numerosos tribunais de doutoramento. No ano 2021 foi galardoada co premio María Wonenburger, que reconece o labor das mulleres científicas galegas.

VICTORIA LAREU PREMIO MARÍA WONENBURGER 2021

IGUALDADE

MULLERES CON CIENCIA

Victoria Lareu afirma que nos congresos científicos da súa especialidade a maioría das participantes eran mulleres, pero que os xefes eran homes.

Por que cres que se dá esta situación?

Pensas que na Galicia do 2040 seguiremos a vivir esta situación?

REFLEXIONA sobre esta frase de Victoria Lareu:

Porque a intelixencia non debe ter teito de cristal.

Sabías que Victoria Lareu foi a terceira muller que accedeu a ser catedrática de Medicina Legal? Que che parece esta situación?

LE atentamente esta reflexión de Victoria Lareu sobre o que é para ela o traballo de investigación:

Non facemos investigación para publicar un artigo, senón que queremos que reverta nas persoas. Tampouco estamos xogando a ser científicos senón que buscamos solucionar problemas concretos.

VICTORIA LAREU PREMIO MARÍA WONENBURGER 2021

INVESTIGACIÓN

MULLERES CON CIENCIA

Un dos eidos de traballo de Victoria Lareu trata sobre os estudos de identificación xenética de agresores en casos de violencia sexual contra as mulleres.

Estes estudos permiten identificar, a partir de restos do ADN do agresor (un pelo, saliva ou unha pegada dactilar), unha persoa concreta ou un retrato robot xenético que indique a súa procedencia, os seus trazos físicos principais ou a súa idade.

Estas investigacións están centradas en situacións que afectan ás mulleres. Pensa outros campos para investigar en que o eixe xire arredor de problemas que nos afecten ás mulleres, e procura na rede o nome doutras investigadoras galegas.

VICTORIA LAREU PREMIO MARÍA WONENBURGER 2021

PRECURSORAS

MULLERES CON CIENCIA

O desenvolvemento profesional de Victoria Lareu fai que a consideremos unha precursora no campo da xenética e das ciencias forenses.

As precursoras son persoas tremendamente importantes, xa que abren o camiño nunha profesión ou actividade para que outras mulleres continúen o seu labor en terreos tradicionalmente reservados ós homes.

ATOPA información sobre as seguintes precursoras da Medicina:

Olimpia Valencia, Florence Nightingale,
Ángeles Alvariño, Jimena Fernández de la Vega,
Gertrude Belle Elion, Françoise Barré-Sinoussi.

Estas mulleres científicas, todas elas precursoras nas súas materias, teñen trazos comúns: aman o seu labor, son constantes, teñen entusiasmo e adícanlle moito tempo á súa profesión.

REFLEXIONA sobre esta frase pronunciada por Victoria:

Pasei máis tempo traballando na Universidade de Santiago de Compostela ca na miña casa.

VICTORIA LAREU PREMIO MARÍA WONENBURGER 2021

